



RESOLUCION do 26 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, pola que se prorroga a vixencia das resolucións e certificados de recoñecemento de grao de discapacidade expedidos en Galicia, que se atopasen sometidos a revisión por caducidade durante o ano 2020.

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Tal e como declarou a Organización Mundial da Saúde o pasado 11 de marzo, o brote do COVID-19 converteuse nunha pandemia que está a supoñer unha emerxencia sanitaria a nivel global debido a súa facilidade de contaxio e rápida extensión.
2. En resposta a esta situación de emerxencia sanitaria, os poderes públicos centrais e autonómicos veñen de adoptar medidas excepcionais de carácter sanitario e social en aras de protexer á poboación e, en particular, aos colectivos máis vulnerables.
3. O Goberno central aprobou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo). Esta norma regula medidas como o confinamento, a limitación da circulación ou o peche de servizos administrativos non esenciais.
4. Como consecuencia desta crise, faise preciso afrontar o impacto económico e social derivado dunha emerxencia sanitaria e económica sen precedentes, que repercute directamente sobre a situación socioeconómica das persoas con discapacidade e das súas familias.
5. As persoas con discapacidade constitúen un sector de poboación heteroxéneo que necesita apoio suplementario para vivir con plenitude e participar en igualdade de condicións na vida económica social e cultural do país. O recoñecemento do grao de discapacidade é o procedemento que permite a acreditación legal da condición de persoa con discapacidade e garante o acceso a numerosos beneficios, dereitos económicos, laborais e sociais.
6. Nestes momentos, existe un importante número de solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade pendentes de resolver, ás que se unen a revisión das resolucións que teñen que ser revisadas por caducidade ao longo do ano 2020.
7. Ante a imposibilidade de realizar as valoracións presenciais en cumprimento da normativa vixente, e para garantir a protección das persoas mais vulnerables, suspendéronse todas as citacións presenciais para o recoñecemento do grao de discapacidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19 establece no seu artigo 6 que cada administración conservará as competencias que lle outorga a



lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente para os efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5. Ademais establece, na disposición adicional cuarta, que os prazos de prescrición e caducidade de calquera accións e dereitos quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.

2. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais, de conformidade co artigo 49.1.49ª do Estatuto de Autonomía.
3. A Orde do 25 de novembro de 2015, da Consellaría de Política Social, regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, de acordo co Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, así como o disposto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
4. Así mesmo, o artigo 4 Orde do 20 de xullo de 2016 pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e se regula o procedemento para a súa obtención, sinala que a presentación da tarxeta, xunto co DNI, identificación de estranxeiro ou pasaporte, proporcionará os mesmos efectos que a resolución pola que se recoñece o grao de discapacidade.

Valorada a situación exposta motivada pola actual crise sanitaria,

RESOLVO

Primeiro. Prorrogar, ata o día 14 de marzo de 2021, a vixencia do grao de discapacidade recoñecido a través de todas as resolucións e certificados de recoñecemento de grao de discapacidade expedidos en Galicia que teñen unha vixencia temporal con data de finalización ata o 31 de decembro de 2020.

Segundo. Dita prórroga entenderase igualmente aplicada a data de validez das tarxetas de discapacidade que teñen unha vixencia temporal ata o 31 de decembro de 2020.

Terceiro. Independentemente do disposto nos apartados anteriores sobre a prórroga automática da vixencia establecida nos certificados de discapacidade e tarxetas de discapacidade, as persoas con discapacidade cuxo certificado caducase ou caduque durante esta prórroga automática que non solicitasen con anterioridade a revisión de grao de discapacidade, deberán solicitala, segundo as súas circunstancias, unha vez finalizado o estado de alarma provocado pola crise do COVID-19, presentando a solicitude na correspondente Sección de cualificación e valoración da discapacidade.





Cuarto. Sen prexuízo dos apartados anteriores as persoas que consideren que se produciu un empeoramento na súa situación poden solicitar unha revisión do grao de discapacidade por agravamento, independentemente de que a prórroga do certificado houbese ou non expirado.

Esta resolución non esgota a vía administrativa. Contra ela, as persoas interesadas poden interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel no que reciba a notificación da resolución, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben, un recurso potestativo de reposición nos termos do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Ildefonso De la Campa Montenegro

